

PROCESO DE ADMISIÓN PARA ALUMNADO NOVO CURSO 2024/2025

PRAZO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN DO 1 AO 20 DE MARZO

O alumnado que no curso 2024/2025 desexa cursar os seus estudos no CEIP PLURILINGÜE IRMÁNS VILLAR, deberá presentar unha solicitude escollendo algunha das opcións descritas a continuación:

1. Cubrir a solicitude informáticamente na seguinte ligazón <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> e presentala asinada de xeito manual no centro: Para presentar a solicitude presencialmente no centro deberá seleccionar a opción de menú “*Solicitudes --> Reserva/Admisión --> Crear*”. Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón “Crear e Confirmar”. Feito isto poderá descargala para asinar e presentar no centro.

2. Cubrir a solicitude informáticamente na seguinte ligazón <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> e asinala en Sede Electrónica: **Para presentar a solicitude a través da Sede Electrónica deberá acceder a admisionalumnado con usuario de Chave365 ou con certificado dixital, para iso deberá premer na icona verde que se atopa arriba á dereita.** Posteriormente deberá seleccionar a opción de menú “*Solicitudes --> Reserva/Admisión --> Crear*”. Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón “Confirmar solicitude” e posteriormente premendo no botón “Firmar e presentar en Sede Electrónica”, poderá asinar a solicitude dixitalmente, quedando como presentada no centro, sempre que o proceso de sinatura remate correctamente. Debe achegar escaneada toda a documentación pertinente á hora de presentar a solicitude. **Importante:** Debe achegar, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, o **anexo II bis dixitalizado**.

3. Cubrir a solicitude manualmente ANEXO II E ANEXOII bis e presentala asinada presencialmente no centro: descargando dende os seguintes enlaces os documentos, cubrilos e presentalos firmados no centro, ou pode pasar a recoller os Anexos polo centro.

[ANEXO II E ANEXO II BIS](#)

IMPORTANTE: Só se pode presentar **UNHA SOLICITUDE POR ALUMNO/A**, no centro elixido como 1ª opción, asinada por ambos proxenitores e coa documentación xustificativa.

O alumnado xa matriculado no CEIP PLURILINGÜE IRMÁNS VILLAR ten garantida a súa permanencia e non require un novo proceso de admisión.

PUBLICACIÓN DE LISTAXES:

-Publicación das *Listaxes provisionais* de persoas admitidas e non admitidas: **25 de abril**. (poderá formularse reclamacións ás listaxes provisionais no prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte a súa publicación).

-Publicación das *Listaxes definitivas* de persoas admitidas e non admitidas: **15 de maio**. (o prazo de recurso en alza será dun mes a partir da súa publicación).

As listaxes serán publicadas:

-Presencialmente: no taboleiro de anuncios, que unicamente poderá ser visible dende o interior do recinto escolar.

-Por vía electrónica: exclusivamente través da aplicación informática admisionalumnado, sendo necesario para consultalas o certificado dixital ou Chave365.

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

A presentación da documentación para a formalización da matrícula será do **20 de xuño ao 30 de xuño**.

NORMATIVA

- *Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato (DOG núm. 29, do 11 de febreiro).*

- *Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 21 de outubro 2022, pola que se desenvolve o decreto e se regula o procedemento de admisión do alumnado (DOG núm. 212, do 8 de novembro)*